



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
SERVIZO DE EXPROPIACIÓNS E CONTROL DE PROXECTOS
Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA DA RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS POR EXPROPIACIÓN FORZOSA

Na súa sesión ordinaria do 17/01/2025 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo aprobou a iniciación do expediente de expropiación forzosa para a realización da obra Acondicionamento da LU-P-1301 "Seoane do Courel (LU-651)-Hospital (LU-633) e ramais a Piñeira e Lousada-Vilela", P.Q. 6+868 ao 7+350. Pedrafita do Cebreiro.

Aos efectos previstos nos artigos 17 e 18 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e demais normativa de aplicación, sométese a información pública a relación individualizada de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da citada obra, para que, nun prazo de vinte (20) días, contados desde o día seguinte á última publicación do presente anuncio, poidan presentarse cantas alegacións ou rectificacións se consideren oportunas.

A relación de bens e dereitos afectados pola expropiación é a seguinte:

Nº finca	Referencia catastral	Titulares catastrais	NIF	Tipo de solo	Superficie a expropiar (m ²)	Outros bens afectados
1-EX	27045A03301013	Amadora Celeiro López	***9784**	Rústico (monte)	260,00	20 uds abeleiras Ø 10 cms / 3 uds carballos Ø 15 cms / 3 uds carballos Ø 20 cms / 4 uds castiñeiros Ø 20 cms
		Gustavo Antonio Raposo Celeiro	***2575**			
		Pablo Raposo Celeiro	***2012**			
		Roberto José Raposo Celeiro	***5921**			
2-EX	27045A03300281	Javier Armesto Fernández	***4476**	Rústico (monte)	214,00	7 uds carballos Ø 15 cms / 4 uds abeleiras Ø 10 cms / 1 ud pradairo Ø 30 cms
		María Isabel Armesto Fernández	***7370**			
		Herdeiros de Gonzalo Armesto Fernández	***4856**			
		María Begoña Armesto Fernández	***0082**			
3-EX	27045A03300135	José Luis Teijeira Linares	***6023**	Rústico (prado)	225,00	7 ml muro de pedra sobre pedra de 1,50 m de altura / 16 ml muro de pedra sobre pedra de 0,60 m de altura / 7 uds abeleiras Ø 15 cms / 1 ud pradairo Ø 20 cms / 1 ud sabugueiro Ø 20 cms / 3 uds castiñeiros Ø 5 cms

4-EX	27045A03300277	Herdeiros de María Carballo Fontales	***9661**	Rústico (prado)	234,00	1 ud abeleira Ø 15 cms / 38 ml de peche con estacas de madeira e 3 fios de aramio / 16 ml de muro de pedra sobre pedra de 1,80 m de altura
				Rústico (monte)	186,00	
5-EX	27045A03300136	Dolores Carballo Carreira	***9790**	Rústico (monte)	42,00	21 ml de muro de pedra de 0,80 m de altura
6-EX	27045A03300275	Dolores Carballo Carreira	***9790**	Rústico (monte)	631,00	1 ud carballo Ø 25 cms / 1 ud carballo Ø 40 cms / 8 uds abeleiras Ø 20 cms / 2 ud abeleiras Ø 5 cms
7-EX	27045A03300137	Herdeiros de Socorro Raposo de Julián	***9754**	Rústico (monte)	9,00	-
8-EX	27045A03300274	Manuel Carballo López	***5121**	Rústico (prado)	1140,00	55 ml de peche con estacas de madeira e 3 fios de aramio / 23 ml de muro de pedra sobre pedra de 1,80 m de altura / 6 uds carballo Ø 25 cms / 1 ud carballo Ø 5 cms / 2 uds abeleira Ø 15 cms / 1 ud pradairo Ø 30 cms / 1 ud pradairo Ø 10 cms
		Julio Carballo López	***8086**			
		Herdeiros de Leonor Carballo López	***1724**			
		María Carballo López	***5121**			
		José Antonio Carballo López	***5121**			
9-EX	27045A03300138	Manuel Carballo López	***5121**	Rústico (prado)	250,00	6 ml de muro de pedra de 1,50 m de altura / 1 ud roble Ø 50 cms / 1 ud roble Ø 20 cms / 3 uds pradairo Ø 15 cms / 1 ud castaño Ø 10 cms
		Julio Carballo López	***8086**			
		Herdeiros de Leonor Carballo López	***1724**			
		María Carballo López	***5121**	Rústico (monte)	200,00	
		José Antonio Carballo López	***5121**			
10-EX	27045A03300144	Herdeiros de José Carrete López	***9770**	Rústico (prado)	78,00	42 ml de peche con estacas de madeira e 3 fios de aramio
11-EX	27045A03301785	Herdeiros de José Carrete López	***9770**	Rústico (prado)	115,00	-
12-EX	27045A03300146	José Crespo Raposo	***9750**	Rústico (prado)	175,00	41 ml de peche con estacas de madeira e 3 fios de aramio
13-EX	27045A03301784	José Crespo Raposo	***9750**	Rústico (prado)	55,00	6 ml de peche con estacas de madeira e 3 fios de aramio / 1 ud abeleira Ø 40 cms
				Rústico (monte)	100,00	
14-EX	27045A03300273	Jesús de Julián Teijeiro	-	Rústico (monte)	466,00	25 ml de muro de pedra sobre pedra de 1,00 m de altura / 3 uds sabugueiros Ø 15 cms / 6 uds pradairos Ø 30 cms / 3 uds pradairos Ø 40 cms / 6 uds de pradairos Ø 15 cms
15-EX	27045A03300269	Herdeiros de María Carballo Fontales	***9661**	Rústico (monte)	139,00	1 ud sabugueiro Ø 15 cms / 2 uds abeleiras Ø 15 cms

16-EX	27045A03300270	José Antonio Carballo Prestamo	***9786**	Rústico (monte)	192,00	26 ml de muro de pedra sobre pedra de 1,00 m de altura/4 uds abeleiras Ø 15 cms / 3 uds castiñeiro Ø 30 cms / 3 uds castiñeiro Ø 40 cms / 1 ud pradairo Ø cms
		Carmen Marina Carballo Prestamo	***9786**			
17-EX	27045A03301783	José López Jato	***9759**	Rústico (monte)	228,00	12 uds abeleiras Ø 10 cms / 4 uds pradairo Ø 15 cms / 1 ud carballo Ø 10 cms
18-EX	27045A03300272	José López Jato	***9759**	Rústico (prado)	422,00	20 ml de muro de pedra sobre pedra de 0,90 m de altura / 10 m de muro de pedra sobre pedra de 1,00 m de altura / 5 uds sabugueiros Ø 20 cms / 1 ud sabugueiros Ø 15 cms / 1 ud carballo Ø 50 cms / 15 uds abeleiras Ø 10 cms / 1 ud pradairo Ø 20 cms
				Rústico (monte)	222,00	

A relación de bens e dereitos afectados por ocupación temporal é a seguinte:

Nº finca	Referencia catastral	Titulares catastrais	NIF	Tipo de solo	Superficie de ocupación temporal (m²)	Outros bens afectados
1-OT	27045A03301013	Amadora Celeiro López	***9784**	Rústico (monte)	98,00	2 uds castiñeiro Ø 20 cms / 2 uds carballo Ø 20 cms / 3 uds castiñeiro Ø 10 cms
		Gustavo Antonio Raposo Celeiro	***2575**			
		Pablo Raposo Celeiro	***2012**			
		Roberto José Raposo Celeiro	***5921**			
3-OT	27045A03300135	José Luis Teijeira Linares	***6023**	Rústico (monte)	380,00	4 uds castiñeiro Ø 25 cms / 3 uds castiñeiro Ø 10 cms / 1 ud carballo Ø 20 cms
9-OT	27045A03300138	Manuel Carballo López	***5121**	Rústico (prado)	236,00	1 ud castiñeiro Ø 30 cms / 1 ud castiñeiro Ø 40 cms
		Julio Carballo López	***8086**			
		Herdeiros de Leonor Carballo López	***1724**			
		María Carballo López	***5121**			
		José Antonio Carballo López	***5121**			
11-OT	27045A03301785	Herdeiros de José Carrete López	***9770**	Rústico (prado)	68,00	5 ml de muro de pedra sobre pedra de 1,00 m de altura
12-OT	27045A03300146	José Crespo Raposo	***9750**	Rústico (prado)	145,00	-
13-OT	27045A03301784	José Crespo Raposo	***9750**	Rústico (prado)	27,00	5 ml de muro de pedra sobre pedra de 1,00 m de altura

14-OT	27045A03300273	Jesús de Julián Teijeiro	-	Rústico (monte)	180,00	11 ml de muro de pedra sobre pedra de 1,00 m de altura / 3 uds de pradoiro Ø 25 cms
18-OT	27045A03300272	José López Jato	***9759**	Rústico (prado)	9,00	-
19-OT	27045A03300282	Josefa Ríos Blanco	***9194**	Rústico (prado)	15,00	2 uds sabugueiro Ø 20 cms
		Herdeiros de Manuel Ríos Blanco	***0954**			
		José Antonio Ríos Blanco	***1608**			

Os planos das fincas afectadas pola expropiación e pola ocupación temporal poden descargarse na seguinte ligazón:

<https://sweb.seap.minhap.es/almacen/descarga/envio/b293e98f0559adb1000e86dbc60ea440cb9776ff>

Lugo, 21 de xaneiro de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0305

CONCELLOS

ABADIN

Exposición pública da aprobación da Conta Xeral Orzamento 2023

Unha vez formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento 2023 a Comisión Especial de Contas do Concello de Abadín en sesión de 05 de febreiro de 2025 ditaminou a devandita Conta Xeral.

Dacordo co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais queda exposta ao público por un prazo de QUINCE (15) días hábiles a partir da publicación do presente anuncio no boletín oficial da provincia para o seu examen a efectos de posibles reclamacións, reparos ou observacións.

Abadín, 4 de febreiro de 2025.- O Alcalde, José María López Rancaño.

R. 0325

BARALLA

Anuncio

Miguel González Piñeiro, Alcalde do Concello de Baralla, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, fago saber que na sesión plenaria de data de 30 de xaneiro de 2025 acordouse aprobar definitivamente a seguinte:

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE BARALLA

O artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece que, no marco das súas competencias de autoorganización, as Administracións Públicas estruturan os seus recursos humanos de acordo con as normas que regulan a selección, a promoción profesional, a mobilidade e a distribución de función.

Engade dito texto normativo que a potestade autoorganizativa efectúase a través de relacións de postos de traballo que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Devanditos instrumentos serán públicos.

Pola súa banda, o artigo 38 da Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia, a relación de postos de traballo é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes en cada unha das administracións públicas.

A través da respectiva relación de postos de traballo, as administracións públicas estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a

selección e provisión dos mesmos, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal en orde a facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

Dende o marco normativo exposto, o Concello de Baralla exercita por vez primeira a súa potestade autoorganizativa a través da presente relación de postos de traballo.

O presente documento contextualízase nunha estrutura orgánica estable, que resposta á totalidade dos servizos municipais de carácter obrigatorio coa peculiaridade de que o servizo de axuda no fogar se presta de forma directa.

Asemade, a presente relación de postos de traballo recolle o resultado do proceso de estabilización Concello de Baralla tramitado ao abeiro da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, ten como obxectivo a redución da temporalidade en toda a Administración Pública mediante unha reforma da regulación do persoal temporal no Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

A regularización do persoal como consecuencia do proceso de estabilización, esixe adecuar a estrutura retributiva aos estándares legais. Isto significa que, nos supostos de funcionarización, as retribucións deben axeitarse á estrutura retributiva do persoal funcionario, debendo asignarse obrigatoriamente un complemento de destino e un complemento específico.

Por outra banda, e co gallo de racionalizar a estrutura retributiva do persoal laboral, prodúcese una clasificación en grupos por homoxeneidade co persoal funcionario.

Por último, contéplase a promoción interna como modalidade de acceso aos grupos de funcionarios que así o permiten (administrativo e auxiliar administrativo), permitindo deste xeito a carreira profesional vertical do persoal de administración xeral.

ENUMERACIÓN DE POSTOS E ADSCRIPCIÓN ORGÁNICA

Atendendo á natureza das funcións desempeñadas polo persoal existente, prevese unha estrutura orgánica integrada polas seguintes áreas:

- 1.- Servizo Xeráis
- 2.- Cultura e xuventude
- 3.- Emprego e fomento da actividade económica
- 4.- Vías e obras
- 5.- Servizos sociais

Dita estrutura orgánica é exclusivamente administrativa, e non condiciona a potestade de organización política dos órganos de goberno na asignación de delegación.

1. Servizos Xerais

Servizo	Denominación do posto	Número	Clase	Grupo	Complemento de destino	Valoración complemento específico (puntos)	Forma de provisión	Corpo e escala
Secretaría-Intervención	Secretario-Interventor	01.1	Funcionario	A.1	28	284	C	Administración Local con Habilitación de carácter Estatal Secretaría-Intervención
Servizos xerais	Administrativo	01.2	Funcionario	C.1	22	115	P.interna	Admón Xeral
Servizos xerais	Administrativo	01.3	Funcionario	C.1	22	115	P.interna	Admón Xeral
Servizos xerais	Auxiliar Administrativo	01.4	Funcionario	C.2	18	71	P. interna	Admón Xeral
Servizos xerais	Alguacil-porteiro	01.5	Funcionario	E	14	52,5	C	Admón Xeral
Servizos xerais	Alguacil-porteiro	01.6	Funcionario	E	14	50	C	Admón Xeral

2. Cultura e xuventude

Servizo	Denominación do posto	Número	Clase	Grupo	Complemento de destino	Valoración complemento específico (puntos)	Forma de provisión	Corpo e escala	Adicación
Cultura e xuventude	Auxiliar Administrativo	02.1	Funcionario	C.2	16	57	C	Admón Xeral	75%

Servizo	Denominación do posto	Número	Clase	Grupo	Valoración complemento (puntos)	Forma de provisión
PAI	Técnico de atención á infancia	02.2	Laboral	A2	75	C
PAI	Persoal de apoio	02.3	Laboral	C	60	C

3. Emprego e fomento da actividade económica

Servizo	Denominación do posto	Número	Clase	Grupo	Valoración complemento (puntos)	Forma de provisión
Emprego	ADL	03.1	Laboral	A2	98	C

4. Vías e obras

Servizo	Denominación do posto	Número	Clase	Grupo	Valoración complemento (puntos)	Forma de provisión
Vías e obras	Oficial 1º servizos múltiples	04.1	Laboral	E	95	C
Vías e obras	Peón limpeza viaria	04.2	Laboral	E	70	C

5. Servizos sociais

Servizo	Denominación do posto	Número	Clase	Grupo	Valoración complemento (puntos)	Forma de provisión
Servizos sociais	Traballadora social	05.1	Laboral	A.2	134	C
SAF	Auxiliar axuda a domicilio	05.2	Laboral	E	70	C
SAF	Auxiliar axuda a domicilio	05.3	Laboral	E	70	C
SAF	Auxiliar axuda a domicilio	05.4	Laboral	E	70	C
SAF	Auxiliar axuda a domicilio	05.5	Laboral	E	70	C
SAF	Auxiliar axuda a domicilio	05.6	Laboral	E	70	C
SAF	Auxiliar axuda a domicilio	05.7	Laboral	E	70	C
SAF	Auxiliar axuda a domicilio	05.8	Laboral	E	70	C
SAF	Auxiliar axuda a domicilio	05.9	Laboral	E	70	C
SAF	Auxiliar axuda a domicilio	05.10	Laboral	E	70	C
SAF	Auxiliar axuda a domicilio	05.11	Laboral	E	70	C
SAF	Auxiliar axuda a domicilio	05.12	Laboral	E	70	C
SAF	Auxiliar axuda a domicilio	05.13	Laboral	E	70	C

C: provisión do posto mediante concurso de méritos.

P.i: promoción interna

Nota: non se prevén postos abertos a outras administracións.

ESTRUCTURA SALARIAL

A estrutura salarial dos funcionarios públicos correspóndese coa establecida na lexislación básica de función pública, a lexislación de emprego público de Galicia e na lexislación de réxime local.

As retribucións do personal laboral estarán integradas:

- Polo soldo, expresado en equivalencia ao grupo correspondente ao persoal funcionario.
- Polo complemento salarial de posto, que se calculará con arreglo aos criterios establecidos para o complemento específico.

– Polo complemento de antigüidade, que se calculará por referencia aos trienios do persoal funcionario.

En ningún caso as retribucións serán inferiores ao SMI.

A presente valoración en ningún caso implicará unha redución do salario do persoal laboral.

O importe dos elementos (salario e complementos) que integran as retribucións actualizaranse segundo dispoña a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para cada ano sen que sexa necesario modificar a presente relación. Os valores expresados se corresponden ao ano 2024.

A presente relación de postos de traballo clasifica ao persoal laboral nos mesmos grupos que os aplicables ao persoal funcionario (A1; A2; C1; C2 e E) aos efectos de identificar a titulación esixible para o acceso ao posto, e a determinación do soldo e o cálculo de trienios.

Considérase xornada laboral ordinaria a tempo completo a de 37,5 horas semanais, tanto para persoal funcionario coma laboral.

DESCRIPCIÓN DE FUNCIONES

Denominación do posto	Número	Funcións	Outros
Secretario-Interventor	01.1	<p>Funcións reservadas no Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula el régimen jurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.</p> <p>Formulación de proxecto de orzamento consonte ás indicacións concretas previamente emitidas pola Alcaldía</p> <p>Formulación de propostas de regulamentos en materia económica</p> <p>Formulación de memorias e plans económicos ou financeiros baixo as indicacións concretas previamente emitidas pola Alcaldía</p> <p>Responsable da Base de Datos de Subvencións.</p> <p>Confección e transmisión de datos no cumprimento das obrigas de coordinación económica-financieira.</p> <p>Tramitación íntegra de expedientes de contratación e licitación, expropiación forzosa, dos relativos aos expedientes de exercizo de potestades de carácter patrimonial, expedientes sancionadores, de disciplina ambiental e urbanística, de xestión da biomasa, de xestión urbanística.</p> <p>Xestión dos órganos colexiados: formulación de convocatorias, notificacións, redacción de actas, e redacción e sinatura dos certificados vencellados ao funcionamento dos órganos colexiados.</p> <p>Formulación de propostas de resolución de recursos e propostas de atención a requerimentos de información emitidos por outras Administracións ou institucións (Valedor do Pobo ... etc),</p> <p>Formulación de propostas de regulamentos e documentos administrativos</p> <p>Responsable do Portal de Transparencia</p> <p>Responsable do Padrón Municipal de Habitantes</p> <p>Responsable do Rexistro municipal</p> <p>Responsable e tramitador do inventario municipal de bens e dereitos</p> <p>Administrador da sede electrónica</p> <p>Normalización de procesos, asistencia xurídica verbal ao resto de unidades administrativas</p>	<p>Horario: compartido con As Nogais</p> <p>xornada continua</p> <p>Maquinaria: ofimática</p>

Administrativo	01.2 01.3	<p>Asistencia administrativa á Alcaldía e Secretaría</p> <p>Redacción e tramitación de anuncios, certificados, solicitudes de autorizacións... etc</p> <p>Xestión administrativa padrón de habitantes, introducción de datos en plataformas de suministro de información.</p> <p>Participación en mesas de contratación.</p> <p>Xestión tributaria de taxas e prezos públicos</p> <p>Xestión administrativa e documental no seu eido funcional</p> <p>Clasificación e arquivo de documentos</p> <p>Asistencia e información ao cidadán</p> <p>Rexistro xeral de documentos</p> <p>Atención e información cidadá</p> <p>Contabilización</p> <p>As restantes funcións propias da súa subescala</p>	<p>Horario: ordinario – xornada continua</p> <p>Maquinaria: ofimática</p>
Auxiliar Administrativo	01.4	<p>Asistencia administrativa á Alcaldía e Secretaría</p> <p>Asistencia administrativa aos Servizos Sociais do Concello</p> <p>Redacción e tramitación de anuncios, certificados, solicitudes de autorizacións... etc</p> <p>Xestión documental no seu eido funcional</p> <p>Asistencia e información ao cidadán</p> <p>Rexistro xeral de documentos</p> <p>Clasificación e arquivo de documentos</p> <p>As restantes funcións propias da súa subescala</p>	<p>Horario: ordinario – xornada continua</p> <p>Maquinaria: ofimática</p>
Alguacil-porteiro	01.5	<p>Práctica de notificacións</p> <p>Control de acceso ás instalacións municipais</p> <p>Apertura e peche de edificios e instalacións municipais e custodia de chaves</p> <p>Control e distribución de material de oficina</p> <p>Levanza de rexistros de control de accesos, utilización de medios e recursos e levantamento de informes ou actas en relación cos mesmos.</p> <p>Actuacións materiais de reorganización de dependencias, carrete de expedientes e demais elementos materiais aos diferentes servizos administrativos</p> <p>Asistencia e información ao cidadán</p> <p>As restantes funcións propias da súa subescala</p>	<p>Horario: ordinario – xornada continua</p> <p>Maquinaria: ofimática</p>
Auxiliar Administrativo	02.1	<p>Redacción e tramitación de anuncios, certificados, solicitudes de autorizacións... etc</p> <p>Xestión administrativa no seu eido funcional e correspondente a súa subescala</p> <p>Asistencia e información ao cidadán</p> <p>Rexistro xeral de documentos</p> <p>Clasificación e arquivo de libros documentos</p> <p>As restantes funcións propias da súa subescala</p>	<p>Horario: 75% de xornada</p> <p>Maquinaria: ofimática</p>

Técnico de atención á infancia	02.2	Funcións propias dos centros de menores e de atención á infancia, tal e como se recollen na normativa galega de tales centros e correspondentes a súa categoría profesional Funcións propias da súa categoría profesional e titulación en servizos municipais de conciliación e atención á infancia	Horario especial Maquinaria: ofimática
Persoal apoio no PAI	02.3	Funcións propias dos centros de menores e de atención á infancia, tal e como se recollen na normativa galega de tales centros e correspondentes a súa categoría profesional Funcións propias da súa categoría profesional e titulación en servizos municipais de conciliación e atención á infancia	Horario especial
Oficial 1º servizos múltiples	04.1	Trabajos especializados relacionados con la obra civil como albañilería, carpintería, electricidad, fontanería, soldadura, etc Mantemento de edificios e instalacións Trabajos relacionados con la gestión de la biomasa y prevención y defensa contra incendios Trabajos de protección del medioambiente Conducción de vehículos Dirección de la brigada a su cargo	Horario: especial Maquinaria: especializada
Peón limpeza viaria	04.2	Traballos necesarios para a prestación do servizo de limpeza viaria e espazos públicos. Traballos necesarios para a conservación de mantemento de espazos públicos que non requiran de coñecementos específicos de oficios. Conducción de vehículos	Horario especial Maquinaria: especializada
Traballadora social	05.1	Funcións recollidas no estatuto da profesión de diplomado en traballo social /asistente social Funcións administrativas inherentes ao servizo, tales coma a redacción de informes e certificados; volcado de datos en plataformas informáticas; responsable dos contratos do seu área funcional; supervisión do funcionamento dos programas e prestacións do servizo; xestión das achegas e subvencións outorgadas polo Concello ou dos que sexa beneficiario o Concello... etc. Coordinación do servizo de axuda no fogar	Horario: ordinario – xornada continua Maquinaria: ofimática
Auxiliar de axuda no fogar	05.2 a 05.12	Funcións propias de esta categoría profesional, tal e como se definen na normativa de servizos sociais da CCAA de Galicia	Horario especial

Ademáis das funcións descritas na presente relación de postos de traballo, os funcionarios asumirán as funcións comúns ao exercizo da actividade administrativa, tal e como se describen no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de Régimen Local

Para o caso do persoal laboral que desempeñe funcións que, para o seu exercizo profesional liberal requira de colexiación, ademáis das funcións descritas na presente relación de postos de traballo asumirán, de requirilo o normal funcionamento do servizo, aquelas outras previstas no correspondente estatuto profesional.

Para o caso de persoal laboral adscrito a servizos sociais ou a educación (PAI), o alcance das súas funcións será o determinado na normativa da CCAA de Galicia reguladora das correspondentes prestacións ou funcións.

VALORACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO

A valoración do complemento específico dos postos de traballo realizarse para cada posto de conformidade coa seguinte metodoloxía aplicable a cada función:

- Responsabilidade implícita na función (económica, xurídica). A responsabilidade ten en conta as consecuencias xurídicas, sociais e económicas da intervención funcional, tanto para o empregado público coma para o usuario do servizo ou á Administración.

O nivel de reponsabilidade ten en conta o grao de imputación directa, sendo a meirande imputación a sinatura do acto (informe) ou tratamento de datos de carácter personal, e a menor a simple formulación do borrador.

Neste apartado valórase asemade a incompatibilidade, xa que toda función que é obxecto de valoración por este apartado determina a incompatibilidade con calquer cargo ou actividade privada relacionada con dita función.

- Complexidade técnica: Neste apartado valórase a esixencia de dispor de coñecementos actualizados e específicos sobor unha materia ou función. O correcto exercizo de funcións complexas require de azón de estudo e actualización previas ao desempeño e, durante o desempeño, de unha especial concentración.

- Penosidade ou peligrosidade: Neste apartado tense en conta as repercusións fisiolóxicas da función, así coma o teren que desenvolver estas en circunstancias que impliquen azónón de especial reacción sensitiva ou muscular.

- Carga relacional: Este apartado pretende valorar o grao de afección emocional do exercizo das funcións. Esta afección pode xurdir, ben con ocasión do trato cos cidadáns, ben con ocasión do trato cos restantes membros da organización. En realidade a carga relacional pode comprenderse como un subxénero da penosidade, se ben limitado ao eido psíquico ou emocional e derivado da relación con outros compañeiros, superiores xerárquicos, cidadáns ou empresas, namentres no apartado anterior preténdese valorar a penosidade ou peligrosidade exclusivamente dende unha perspectiva física.

Na súa vertente de trato cos cidadáns neste apartado valórase a exposición do empregado da súa imaxe social e dos seus datos biométricos nas azónón co público. A carga relacional nas funcións administrativas abrangue o azónó persoal por transmitir unha imaxe institucional de servizo público así coma de empatía emotiva co cidadán, a carga relacional do exercizo de potestades de intervención ou disciplina (que vencellan fronte a terceiros ao empregado coa sanción ou reposición) así como o exercizo de implicación en azónón prestacionais a colectivos desfavorecidos.

Asemade, a carga relacional debe valorar o marco intersubxetivo cos restantes membros da organización, ben pola presión de cumprimento de obxectivos con límites temporais, ben pola especial necesidade de independencia. É dicir, a afección emocional (expectativas vencelladas á estabilidade do posto, condicións retributivas, carreira profesional ou simple convivencia diaria ...) derivada da toma de azónón que poden entrar en conflito cos intereses de outros membros da organización ou con terceiros.

Para cada unha das funcións atribuirase unha puntuación en unha escala variable en atención á importancia do criterio aplicable.

- Peso cuantitativo: a ponderación das diferentes funcións en atención á responsabilidade, especialidade técnica, carga relacional, penosidade ou peligrosidade debe modularse para cada posto en función da súa afección efectiva ao posto.

Non pode valorarse coa mesma puntuación por penosidade que únicamente adique unha hora á semana ao movemento de elementos pesados que quen se adica a esta función a xornada completa. Asemade, a complexidade técnica non pode valorarse de igual xeito a quen está permanentemente tramitando expedientes ou realizando tarefas complexas, que a aquel que alterna dito tipo de tarefas con outras máis sinxelas.

Por tal motivo, á puntuación correspondente a cada un dos criterios anteriores modularase en función do seu peso cuantitativo no posto de traballo.

Co gallo de non complicar en exceso dita valoración (que é susceptible de variar en función da época do ano e incluso, a través dos anos), aplicáronse por regra xeral porcentaxes expresados nas unidades de decena.

O peso cuantitativo aplícase sobor a puntuación correspondente a cada función e exprésase nunha porcentaxe, que pode ser inferior ou superior ao 100%, segundo a seguinte escala:

10%-30%: función que se desempeña esporádicamente.

30%- 49%: actuación que, sendo frecuente, é accesoria ou complementaria de unha función principal que é obxecto de valoración específica.

50%-100%: actuación autónoma non vencellada a un expediente ou función principal. A modulación se efectúa en función da intensidade temporal e de frecuencia.

100%- 300%: Acontece na valoración de funcións por remisións normativas en bloque (exemplo: remisión ás funcións dos habilitados nacionais, remisión que abrangue unha multiplicidade de funcións que, de non modularse co criterio cuantitativo, serían obxecto de valoración coma si se tratase de unha única función). Tamén se emprega para a valoración daqueles postos que exercen unha única función, se ven de xeito especialmente intenso e repetitivo, de xeito que abrangue unha parte fundamental da súa xornada laboral.

- Factor homoxeneizador: A resultados da aplicación dos criterios anteriores obténse un valor. Dito valor, en tanto as funcións atribuídas a cada posto son diferentes, será probablemente diferente entre os diversos postos de traballo pertencentes á mesma categoría profesional ou funcionarial.

Non obstante, non pode esquecerse que estamos a valorar unha organización pequena, onde a ausencia de un traballador debe ser suplida dacote necesariamente por outro traballador da categoría equivalente (vacacións, baixas, permisos ... etc.). Isto implica que cada posto de traballo, dalgún xeito, ten implícita unha función de suplencia non recollida na enumeración funcional que, de feito, equipara aos funcionarios/traballadores pertencentes ao mesmo grupo ou categoría. Esta realidade experimentábase nas escalas administrativa, auxiliar e subalterna, xa que nos postos técnicos especializados, por razón de titulación e/ou habilitación, esta suplencia non é posible.

O factor homoxeneizador xogará nestos supostos nos que xoga a suplencia, que son os postos de administrativo e de auxiliares de axuda no fogar.

Finalmente, unha vez valorados os postos de traballo, efectúase o proceso de asignación do complemento salarial vencellado a dita valoración.

Esta asignación realízase asignando un valor económico a cada punto acadado.

O valor económico obtívose da división do complemento específico anteriormente atribuído entre as funcións que foron obxecto no seu día de valoración (aínda que informal).

As diferenzas de puntuación existentes entre postos homólogos elimínase mediante o factor de homoxeneización.

Por último, tras multiplicar o número de puntos (valoración con arranxo aos criterios expostos) polo valor expresado (85,4 euros/punto), efectúase unha modulación final do complemento en atención a criterios de difícil cuantificación a través do método exposto, tales coma a conflictividade ou presión social do servizo no que se desarrollan as funcións ou mesmo das condicións ambientais do desempeño (características dos locais). Esta modulación pode acadar até o 10% dos resultados obtidos a través do sistema de puntuación.

En tanto o persoal laboral carece de complemento específico, para este persoal o punto terá un valor de 100 euros.

En relación ao complemento de destino, mantense os complementos de destino asignados ao persoal funcionario, coa excepción dos postos de conserxe, que se eleva de 12 a 14 para facer fronte ás novas forquillas aplicables.

Asemade, e considerando comparativamente os criterios de especialización, responsabilidade e competencia, asígnase o complemento 18 ao posto de auxiliar administrativo 01.04, en tanto está asignado a servizos xerais, polo que as funcións auxiliares son máis complexas que a 02.1 por abranguer moitos máis eidos funcionais que o propio de cultura e ocupación do tempo libre, asignando o complemento 16 ao 02.1 por teren un grao de responsabilidade e especialización superior aos conserxes.

Persoal funcionario

Denominación do posto	Número	Funcións	Puntos
Secretario-Interventor	01.1	Responsabilidade: 100 F. cuantitativo: 100% Complexidade técnica: 100 F. cuantitativo: 100% Peligrosidade ou penosidade: 20 F. cuantitativo: 100% Carga relacional: 80 F. cuantitativo: 80%	284
		Asígnase a meirande puntuación en responsabilidade, en tanto asume as consecuencias xurídicas vencelladas á sinatura: intervención, fé pública, fiscalización, asesoramento xurídico. Asemade, ditas funcións son as de meirande complexidade técnica na organización, motivo que xustifica asemade a meirande puntuación neste apartado. A peligrosidade ou penosidade puntúase en 20 sobre 100, xa que a penosidade está vencellada en todas as funcións unicamente á postura necesariamente sedentaria e ao uso contínuo de pantallas.	

		A carga relacional valórase nun factor cuantitativo do 80%, xa que non abrangue a totalidade do exercizo das función (si unha gran parte) e refírese á situación de recepción de demandas de obxectivos transmitidas polos órganos de goberno, pola coordinación do persoal funcionario e máis pola atención ao cidadá e empresas.	
Administrativo	01.2 01.3	Responsabilidade: 50 F. cuantitativo: 70% Complexidade técnica: 50 F. cuantitativo: 60% Peligrosidade ou penosidade: 20 F. cuantitativo: 100% Carga relacional: 50 F. cuantitativo: 60%	115
		O factor de responsabilidade e de complexidade técnica redúcese nun factor cuantitativo do 60%, porcentaxe da xornada que se estima se adica a funcións non meramente auxiliares das mesmas. Puntúanse con 40 puntos xa que a responsabilidade está moi atenuada en tanto o responsable xurídico do acto será o órgano de goberno correspondente e, na meirande parte das función, éstas están supervisadas polo Secretario-Interventor. Son funcións que, polo xeral, consisten na redacción de escritos seminormalizados ou no manexo de aplicacións informáticas con sustento xurídico en actos administrativos normalizados. A peligrosidade ou penosidade puntúase en 20 sobre 100, xa que a penosidade está vencellada en todas as funcións unicamente á postura necesariamente sedentaria e ao uso contínuo de pantallas. A carga relacional valórase nun factor cuantitativo do 60%, xa que non abrangue a totalidade do exercizo das función e refírese esencialmente á atención ao cidadá e empresas.	
Auxiliar Administrativo	01.4	Responsabilidade: 30 F. cuantitativo: 60% Complexidade técnica: 30 F. cuantitativo: 60% Peligrosidade ou penosidade: 20 F. cuantitativo: 100% Carga relacional: 30 F. cuantitativo: 50%	71
		O factor de responsabilidade e de complexidade técnica redúcese nun factor cuantitativo do 60%, porcentaxe da xornada que se estima se adica a funcións non meramente auxiliares das mesmas. Puntúanse con 30 puntos xa que a responsabilidade está moi atenuada en tanto o responsable xurídico do acto será o órgano de goberno correspondente e, na meirande parte das función, éstas están supervisadas polo Secretario-Interventor. Son funcións que, polo xeral, consisten na redacción de escritos seminormalizados con sustento xurídico en actos administrativos normalizados. A peligrosidade ou penosidade puntúase en 20 sobre 100, xa que a penosidade está vencellada en todas as funcións unicamente á postura necesariamente sedentaria e ao uso contínuo de pantallas. A carga relacional valórase nun factor cuantitativo do 50%, xa que non abrangue a totalidade do exercizo das función (realízase en menor medida que o persoal administrativo) e refírese esencialmente á atención ao cidadá e empresas.	
Auxiliar Administrativo	02.1	Responsabilidade: 20 F. cuantitativo: 50% Complexidade técnica: 20 F. cuantitativo: 60% Peligrosidade ou penosidade: 20 F. cuantitativo: 100% Carga relacional: 30 F. cuantitativo: 50%	57

		<p>O factor de responsabilidade e de complexidade técnica redúcese nun factor cuantitativo do 60%, porcentaxe da xornada que se estima se adica a funcións non meramente auxiliares das mesmas. Puntúanse con 20 puntos xa que a responsabilidade limitase ao funcionamento da biblioteca (acceso aos libros e revistas) e á xestión administrativa de actividades culturais. Son funcións que, polo xeral, consisten na redacción de escritos seminormalizados con sustento xurídico en actos administrativos normalizados, e na prestación de información sobre actividades culturais. Son función de escasa complexidade técnica e natureza homoxénea.</p> <p>A peligrosidade ou penosidade puntúase en 20 sobre 100, xa que a penosidade está vencellada en todas as funcións unicamente á postura necesariamente sedentaria e ao uso continuo de pantallas.</p> <p>A carga relacional valórase nun factor cuantitativo do 50%, xa que non abrangue a totalidade do exercizo das función e refírese esencialmente á atención ao cidadá.</p>	
Alguacil-porteiro	01.5	<p>Responsabilidade: 15 F. cuantitativo: 50%</p> <p>Complexidade técnica: 10 F. cuantitativo: 100%</p> <p>Peligrosidade ou penosidade: 20 F. cuantitativo: 100%</p> <p>Carga relacional: 30 F. cuantitativo: 50%</p>	52,5
		<p>O factor de responsabilidade e de complexidade técnica redúcese nun factor cuantitativo do 50%, porcentaxe da xornada que se estima se adica a funcións que poden leva implícita alguna responsabilidade e complexidade. A responsabilidade puntúase con 15 puntos, xa que se acota ao eventual control de accesos e apertura e peche de instalacións. A complexidade técnica puntúase con 10 puntos, xa que non require de coñecementos específicos.</p> <p>A peligrosidade ou penosidade puntúase en 20 sobre 100, xa que está vencellada á posibilidade (remota) do uso da forza en control de accesos, ou ao porte de certos pesos.</p> <p>A carga relacional valórase nun factor cuantitativo do 50%, xa que abrangue unha pequena parte da xornada, é maioritariamente de natureza presencial (non telefónica ou telemática), e escasa presión asistencial.</p>	
Alguacil-porteiro	01.6	<p>Responsabilidade: 10 F. cuantitativo: 50%</p> <p>Complexidade técnica: 10 F. cuantitativo: 100%</p> <p>Peligrosidade ou penosidade: 20 F. cuantitativo: 100%</p> <p>Carga relacional: 30 F. cuantitativo: 50%</p>	50
		<p>O factor de responsabilidade e de complexidade técnica redúcese nun factor cuantitativo do 50%, porcentaxe da xornada que se estima se adica a funcións que poden leva implícita alguna responsabilidade e complexidade. A responsabilidade puntúase con 10 puntos, xa que a frecuencia de control de accesos e apertura e peche de instalacións redúcese con respecto ao posto 01.5 aos casos de suplencia ou substitucións temporal de funcións. A complexidade técnica puntúase con 10 puntos, xa que non require de coñecementos específicos.</p> <p>A peligrosidade ou penosidade puntúase en 20 sobre 100, xa que está vencellada á posibilidade (remota) do uso da forza en control de accesos, ou ao porte de certos pesos.</p> <p>A carga relacional valórase nun factor cuantitativo do 50%, xa que abrangue unha pequena parte da xornada, é maioritariamente de natureza presencial (non telefónica ou telemática), e escasa presión asistencial.</p>	

Persoal laboral

Denominación do posto	Número	Ponderación	Puntos
Técnico de atención á infancia	02.2	Responsabilidade: 30 F. cuantitativo: 50% Complexidade técnica: 50 F. cuantitativo: 50% Peligrosidade ou penosidade: 20 F. cuantitativo: 100% Carga relacional: 30 F. cuantitativo: 50%	75
		A responsabilidade das funcións é limitada (tanto no eido xurídico coma económico). A complexidade técnica non é moi alta, xa que non se trata de un nivel de educación reglada. O factor de penosidade é substancialmente menor ao de auxiliar de SAF (por equiparar con outro persoal de coidado ás persoas), xa que non existe desprazamento e o traballo se realiza nun entorno especialmente deseñado para ser seguro e ambientalmente amable. Non existe carga de pesos (salvo moi puntualmente para coller a un cativo) nin condición de intemperie, desprazamentos, exposición a axentes toxicolóxicos; manexo de máquinas; variacións térmicas.. etc. A carga relacional non é alta xa que se trata de relacións con nenos e cunha ratio moi aceptable. A carga relacional se incrementa en relación co persoal de apoio por incorporar á responsabilidade da relación cos pais/nais e cos xestores administrativos e políticos.	
Persoal apoio no PAI	02.3	Responsabilidade: 10 F. cuantitativo: 100% Complexidade técnica: 30 F. cuantitativo: 50% Peligrosidade ou penosidade: 20 F. cuantitativo: 100% Carga relacional: 30 F. cuantitativo: 50%	60
		A responsabilidade das funcións é limitada (tanto no eido xurídico coma económico) e de escasa complexidade técnica. O factor de penosidade é substancialmente menor ao de auxiliar de SAF (por equiparar con outro persoal de coidado ás persoas), xa que non existe desprazamento e o traballo se realiza nun entorno especialmente deseñado para ser seguro e ambientalmente amable. Non existe carga de pesos (salvo moi puntualmente para coller a un cativo) nin condición de intemperie, desprazamentos, exposición a axentes toxicolóxicos; manexo de máquinas; variacións térmicas.. etc. A carga relacional non é alta xa que se trata de relacións con nenos e cunha ratio moi aceptable.	
ADL	03.1	Responsabilidade: 40 F. cuantitativo: 50% Complexidade técnica: 40 F. cuantitativo: 100% Peligrosidade ou penosidade: 20 F. cuantitativo: 100% Carga relacional: 36 F. cuantitativo: 50%	98
		Estabrécese unha responsabilidade de 40, atendendo á predominancia de funcións administrativas posteriormente supervisadas e que unicamente abrangue á metade da xornada laboral. A complexidade valórase igualmente en 40 puntos (a propia de tramitación de subvencións e achegas e asesoramento ao veciño) que abrangue a práctica totalidade da xornada. A penosidade é a propia da actividade administrativa sedentaria con uso predominante de pantalla, e a carga relacional ten un factor cuantitativo de 50, xa que é a porcentaxe estimada de adicación á atención ao público, atención que non é especialmente gravosa pola natureza das funcións.	

Oficial 1º servizos múltiples	04.1	Responsabilidade: 20 F. cuantitativo: 50% Complexidade técnica: 40 F. cuantitativo: 50% Peligrosidade ou penosidade: 50 F. cuantitativo: 100% Carga relacional: 10 F. cuantitativo: 50%	95
		A responsabilidade das funcións é limitada (tanto no eido xurídico coma económico), se ben se efectúa unha valoración de complexidade técnica de 40 en atención á diversidade de oficios a desempeñar. A perigosidade calcúlase tendo en conta o manexo de máquinas con certo risco laboral na súa utilización, ao emprego da forza así coma ao carácter esporádico do traballo á intemperie. A carga relación é moi escasa, xa que non ten atención ao público nin funcións de coordinación.	
Peón limpeza viaria	04.2	Responsabilidade: 10 F. cuantitativo: 50% Complexidade técnica: 20 F. cuantitativo: 50% Peligrosidade ou penosidade: 50 F. cuantitativo: 100% Carga relacional: 10 F. cuantitativo: 50%	70
		A responsabilidade das funcións é limitada (tanto no eido xurídico coma económico), se ben se efectúa unha valoración de complexidade técnica de 20 en atención á homoxeidade das funcións a desempeñar en comparación co oficial de oficios. A perigosidade calcúlase tendo en conta o manexo de máquinas con certo risco laboral na súa utilización, ao emprego da forza así coma ao carácter permanente do traballo á intemperie. A carga relación é moi escasa, xa que non ten atención ao público nin funcións de coordinación.	
Traballadora social	05.1	Responsabilidade: 70 F. cuantitativo: 50% Complexidade técnica: 60 F. cuantitativo: 50% Peligrosidade ou penosidade: 20 F. cuantitativo: 100% Carga relacional: 70 F. cuantitativo: 70%	134
		Este posto caracterízase por unha forte carga relacional en atención ao perfil dos usuarios do servizo á que non adica a totalidade da xornada; a súa complexidade técnica e responsabilidade polo manexo do normativa de servizos sociais de Galicia (se ben a metade de estas función son de trámite estandarizado), a penosidade é a propia da actividade administrativa sedentaria con uso predominante de pantalla. Por outra banda, as funcións de coordinación do SAF agravan significativamente a responsabilidade e a complexidade do posto, así coma a carga relacional, que pasa a incluír aos propios auxiliares do servizo.	
Auxiliar axuda a domicilio	05.2 a 05.12	Responsabilidade: 10 F. cuantitativo: 50% Complexidade técnica: 10 F. cuantitativo: 50% Peligrosidade ou penosidade: 50 F. cuantitativo: 100% Carga relacional: 20 F. cuantitativo: 50%	70
		A responsabilidade das funcións é limitada (tanto no eido xurídico coma económico) e de escasa complexidade técnica. Aplícase un alto factor de penosidade, xa que, ademais do movemento de pesos, prodúcese unha exposición permanente a ámbitos biolóxicos e espazos de intidade alleos. A carga relacional non é alta xa que, a pesares de teren que tratar cos habitantes dos domicilios, o ámbito de demanda está moi acotado polo catálogo de prestacións do servizo.	

O presente acto pon fin á vía administrativa, e contra o mesmo os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un mes a contar dende a presente publicación, ou ben recurrilo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses a contar dende o día da presente publicación.

Baralla, 31 de xaneiro de 2025.- O Alcalde-Presidente, Miguel González Piñeiro.

R. 0292

BECERREÁ

Anuncio

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións, e así dispoñelo o acordo de aprobación provisoria de data 26 de setembro de 2024 da modificación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES, expediente núm.: 1104/2024, a medio da presente, publícase o devandito acordo na súa parte dispositiva e o texto íntegro da modificación da ordenanza en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

“PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre bens inmobles, quedando o texto como segue:

“ARTIGO 1º.-

De conformidade co previsto no artigo 72 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles queda fixado nos termos do artigo seguinte

ARTIGO 2º.-

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable os de natureza urbana queda fixado en 0,55%.

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de natureza rústica, queda fixado en 0,65%.

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de características especiais, queda fixado en 1,30%.

ARTIGO 3º.-

1.- De conformidade co establecido no artigo 62.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, quedan exentos os bens inmobles de natureza urbana para os que a cota líquida non supere os 6 €, así como os de natureza rústica cando para cada suxeito pasivo a cota líquida non supere os 6 € correspondente a totalidade dos seus bens rústicos sitios no municipio de Becerreá.

2.- Asimesmo, establécese unha exención a favor dos bens de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saude, sempre que estean directamente afectados ó cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.

ARTIGO 4º.-

No non expresamente previsto nesta Ordenanza, será de aplicación o previsto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nas demais leis reguladoras da materia, así como nas disposicións dadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICION FINAL.- A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

SEGUNDO.- Expor ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro do cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica desta entidade, a que se pode acceder premendo no seguinte enlace: <https://concellodebecerreia.sedelectronica.gal/info.0>

TERCEIRO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo devirá en definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO.- Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.”

O que se fai público facendo constar que contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que comenarán a contarse a partires do día seguinte ó da súa publicación no BOP. Todo isto sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Becerreá, 3 de febreiro de 2025.- O Alcalde, don Manuel Martínez Núñez.

R. 0306

Anuncio

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións, e así dispoñelo o acordo de aprobación provisoria de data 26 de setembro de 2024 da modificación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS, expediente núm.: 1106/2024, a medio da presente, publícase o devandito acordo na súa parte dispositiva e o texto íntegro da modificación da ordenanza en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

“PRIMEIRO.- *Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto Sobre Construcións, Instalacións e Obras, quedando o texto como segue:*

“ARTIGO 1°. FEITO IMPOÑIBLE

1. *Constitúe o feito imponible do imposto a realización dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística se obtivese ou non esa licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou actividade de control corresponda ao concello da imposición.*

ARTIGO 2°. SUXEITOS PASIVOS

1. *Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, xeral tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.*

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, terán a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2. *No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os que soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións ou comunicacións previas ou os que realicen as construcións, instalacións ou obras.*

O substituto do contribuínte poderá esixir do contribuínte o importe da cuota tributaria satisfeita.

ARTIGO 3°. BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO

1. *A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e se entende por tal, para estes efectos, o custo de execución material daquela.*

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, de ser o caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.

2. *A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.*

3. *O tipo de gravame será o 2 por 100.*

4. *O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licenza.*

ARTIGO 4°. XESTIÓN

1. *Cando se conceda a licenza preceptiva, ou se presente a declaración responsable ou a comunicación previa, practicarase unha liquidación provisional, determinándose a base imponible en función do orzamento presentado polos interesados e redactado por técnicos competentes, sempre que o mesmo fora visado polo Colexio Oficial correspondente cando isto constituía un requisito preceptivo; noutro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custe estimado do proxecto.*

2. Unha vez finalizada a construción, instalación e obra, e á vista do custo real e efectivos das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso a a base impositiva practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda

ARTIGO 5º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, que estando suxeita ó imposto, vaia ser destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto si se trata de obras de inversión nova como de conservación.

2. Ao abeiro do disposto no apartado a) do artigo 103.2 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establécese unha bonificación do 95% na cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Decláranse de especial interese ou utilidade municipal, aos efectos do disfrute desta bonificación, as construcións, instalacións ou obras necesarias para a implantación dos equipamentos dotacionais públicos previstos no vixente instrumento de planeamento. A apreciación da súa concorrencia se efectuará polo órgano competente para a aprobación da liquidación provisoria e/ou definitiva do imposto.

ARTIGO 6º. INSPECCIÓN E RECADACIÓN

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 7º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

No relativo á cualificación das infraccións tributarias así como a determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicaráselle o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

ARTIGO 8º. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

No que non estea previsto na presente Ordenanza rexerán os preceptos contidos na subsección 5ª, da sección 3ª, do capítulo II, do Título II do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento

DISPOSICIÓN FINAL A presente ordenanza aprobada e por acordo do Pleno do Concello de data 17 de xaneiro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partires do día seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.”

SEGUNDO.- Expor ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro do cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica desta entidade, a que se pode acceder premendo no seguinte enlace: <https://concellodebecerrea.sedelectronica.gal/info.0>

TERCEIRO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo devirá en definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO.- Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.”

O que se fai público facendo constar que contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que comenzarán a contarse a partires do día seguinte ó da súa publicación no BOP. Todo isto sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Becerreá, 3 de febreiro de 2025.- O Alcalde, don Manuel Martínez Núñez.

R. 0307

BÓVEDA*Anuncio*

De conformidade co establecido na base 10ª das bases reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de estabilización do emprego temporal para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 123 e DOG núm. 103, de data 31/05/2022, faise público que mediante Decreto de Alcaldía núm.:2025-0068, do 03/02/2025, resolveuse aceptar as propostas dos Tribunais e nomear persoal laboral fixo deste Concello ás seguintes persoas aspirantes:

DENOMINACIÓN DA PRAZA	NOME E APELIDOS	DNI
Director/a PAI	María Arias López	**27306**
Auxiliar PAI	Tania Hidalgo Armada	**27255**
Auxiliar administrativo/a	Miguel Ángel González Reboiro	**62027**
Animador/a sociocultural	Mirian Palmón Díaz	**26014**
Traballador/a Social	Sofía Pardo Vioria	**50012**
Auxiliar axuda no fogar (SAF)	Tamara Arias Pérez	**27087**
Auxiliar axuda no fogar (SAF)	Raquel Armesto Ratón	**18608**
Auxiliar axuda no fogar (SAF)	Ana María González Fernández	**26192**
Auxiliar axuda no fogar (SAF)	Vanesa Pereiro Sobrado	**53703**
Auxiliar axuda no fogar (SAF)	Almudena Rodríguez Seijas	**27301**
Auxiliar axuda no fogar (SAF)	María José Sánchez Juíz	**62220**
Auxiliar axuda no fogar (SAF)	Ana María Silvosa López	**57018**

A formalización dos preceptivos contratos laborais deberá producirse, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes, a contar dende o día hábil seguinte ao da publicación de dito nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Bóveda, 4 de febreiro de 2025.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 0326

CHANTADA*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 31/01/2025 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da Taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos no rural correspondentes a 2024.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón da Taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos no rural correspondentes a2024 terá lugar neste municipio dende o día 10 de febreiro de 2025 ata o día 9 de abril de 2025.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 31 de xaneiro de 2025.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 0308

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 29/01/2025 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes a xaneiro 2025.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes xaneiro 2025 terá lugar neste municipio dende o día 30 de xaneiro de 2025 ata o día 31 de marzo de 2025.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 31 de xaneiro de 2025.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 0309

Anuncio

O pleno do Concello de Chantada , na sesión do día 30/01/2025 acordou aprobar inicialmente a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola instalación de postos, barracas, casetas de venda , espectáculos , atraccións ou recreo , situadas en terreo de uso público do Concello de Chantada.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais e o artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local o expediente queda sometido a exposición pública durante o prazo de 30 días , na Secretaría deste Concello , periodo durante o que as persoas interesadas poderán presentar as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

De non presentarse reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación adoptado.

Chantada, 31 de xaneiro de 2025.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 0310

Anuncio

Aprobada inicialmente polo Concello Pleno, na sesión ordinaria celebrada o día 30 de xaneiro de 2025 a "Ordenanza Reguladora da Instalación de Postos, Barracas, Atraccións e outros no Concello de Chantada.-Exte. G639/2024"

Exponse a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de **trinta días** para que se poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

Simultaneamente, publicarase o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello (dirección <https://www.concellodechantada.org>) co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

ACORDO ADOPTADO:

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente A Ordenanza municipal reguladora da **Venda Ambulante ou non sedentaria, Instalación de Atraccións Festivas e outras ocupacións no Concello de Chantada**, nos termos que figuran no expediente e de acordo coa redacción que consta nesta proposta como anexo único á mesma.

SEGUNDO.-Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello (dirección <https://www.concellodechantada.org>) co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO.-De non se presentaren reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o Acordo de aprobación definitiva tácita da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, estará ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://www.concellodechantada.org>]. Ademais, remitirase á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada.

CUARTO.-Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

O que se fai público aos expresados efectos.

Chantada, 31 de xaneiro de 2025.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 0322

LUGO*Anuncio*

Na sesión plenaria do 30.01.2025 adoptouse o acordo número 4/4 polo que se aprobou inicialmente o Orzamento Xeral así como o cadro de persoal e a súa documentación complementaria para o ano 2025, polo que en cumprimento do establecido no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais exponse ao público na Intervención Xeral Municipal do Concello, por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do presente edicto no B.O.P., para os efectos de presentación de reclamacións nos termos sinalados nos artigos 169 e 170 dese mesmo texto legal.

Transcorrido dito prazo sen que se presenten reclamacións, entenderase definitivamente aprobado o devandito acordo, de conformidade co artigo 169.1 do citado texto legal.

Lugo, 31 de xaneiro de 2025.- A EXCMA. ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE LUGO, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0293

MEIRA*Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 31 de xaneiro do 2025, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o 3º. **bimestre do exercicio 2024**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 31 de xaneiro do 2025 ao 31 de marzo do 2025.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interperse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio

serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a existencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 31 de xaneiro de 2025.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 0294

RÁBADE

Anuncio

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de xaneiro de 2025, acordou a aprobación inicial do regulamento do canal de denuncias do Concello de Rábade, e en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar dende o día seguinte a inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado e se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido dito prazo non se presentasen alegacións, considerárase aprobado definitivamente dito acordo.

Rábade, 31 de xaneiro de 2025.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 0295

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 169 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da Lei de Facendas Locais, exponse ó público que o Pleno do Concello, en sesión de 29-01-2025 aprobou inicialmente o presuposto municipal, as bases de execución e o cadro de persoal para o exercicio 2025; por prazo de 15 días os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno; se durante dito prazo non se presentara ningunha, considerárase definitivamente aprobado.

Rábade, 31 de xaneiro de 2025.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 0296

Anuncio

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de xaneiro de 2025, acordou a aprobación inicial da modificación da ordenanza municipal de circulación do concello de Rábade, e en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar dende o día seguinte a inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado e se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido dito prazo non se presentasen alegacións, considerárase aprobado definitivamente dito acordo.

Rábade, 31 de xaneiro de 2025.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 0297

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA
TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **24/01/2025**, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o/a xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

CERVO: substituto: JESÚS OTERO RUBIÑOS. DNI 76*182Q.**

Contra este acordo poderán os/as interesados/as presentar recurso de alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os/as nomeados/as deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estaba facendo exercicio da xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o/a xuíz/a de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles/as xuíces/xuízas de paz nomeados/as, que estean incursos nalgunha incompatibilidade, deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 30 de xaneiro de 2025.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 0298

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **24/01/2025** acordou nomear, por un periodo de catro anos, o/a xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente dado que, ou ben no concurso que convocou esta Sala de Goberno non houbo ningún solicitante ou ben os solicitantes non foron considerados idóneos para o desempeño do cargo, e tendo en conta, así mesmo, que os respectivos concellos non elixiron no seu día ningunha persoa para os ditos cargos.

CASTROVERDE: substituto: JESÚS JAVIER VALIÑO NEIRA. DNI 33*879Z.**

Contra este acordo poderán os/as interesados/as presentar recurso ordinario perante o Consello Xeral do Poder Xudicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte da publicación deste edito.

Os/as nomeados/as deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estaba facendo exercicio da xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o/a xuíz/a de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles/as xuíces/xuízas de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 30 de xaneiro de 2025.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 0299

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **24/01/2025**, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o/a xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente entre os participantes no concurso que para cubrir tal/es praza/s convocou últimamente esta Sala de Goberno tendo en conta que o/s respectivo/s Concello/s non elixiu/elixiron no seu día ningunha persoa para o desempeño do/s cargo/s.

TRABADA: substituta: INMACULADA JIMÉNEZ NÚÑEZ. DNI 47*880W.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso ordinario perante o Consello Xeral do Poder Xudicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edito.

Os/as nomeados/as deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o/a xuíz/a de primeira instancia e instrucción respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Judicial.

Aqueles/as xuíces/xuizas de paz nomeados, que estean incursos nalgunha incompatibilidade, deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 30 de xaneiro de 2025.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 0300
